

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



A Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na súa sesión de data 18 de decembro do 2018, realizou entre outras, as seguintes actuacións:

7.- Estudo e, no seu caso, aceptación dos informes sobre a valoración das xustificacións das ofertas con valores anormais ou desproporcionados

b) Procedemento aberto para a contratación das obras de "Cubrición do patio do colexio Canicouva" (78-441)

A secretaria lembra aos membros da Mesa que o 5 de decembro de 2018, en cumprimento do acordado na sesión do mesmo día, se iniciou o procedemento previsto no artigo 149 da LCSP con ZONA DE OBRA O ROSAL, S.L.

Durante o prazo concedido, o licitador presentou documentación da que se deu traslado ao responsable do contrato.

O 12 de decembro de 2018 o enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos - xefe do Servizo de Vías e Obras e Infraestruturas emitiu informe sobre a xustificación presentada no que conclúe que a baixa non está suficientemente xustificada.

A Mesa, por unanimidade, acepta o anterior informe e acorda propoñer á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación, a exclusión deste procedemento de ZONA DE OBRA O ROSAL, S.L., por entender que a súa oferta non pode ser cumprida como consecuencia da inclusión de valores anormais.

8.- Entrega e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios de adjudicación nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

c) Procedemento aberto para a contratación das obras de "Cubrición do patio do colexio Canicouva" (78-441) (informe sobre C con proposta de clasificación)

Entrégase o informe asinado polo xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario e o xefe da Área de Investimentos o 18 de decembro de 2018 de valoración do sobre C "*proposición avaliable mediante fórmula*" coa proposta de clasificación que é aceptado por unanimidade dos membros da Mesa.

9.- Propostas de clasificación/clasificación

c) Procedemento aberto para a contratación das obras de "Cubrición do patio do colexio Canicouva" (78-441)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, proponse á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público - LCSP), a adopción do seguinte acordo:

"Primeiro.- Dar conta do acordo adoptado pola Mesa de Contratación na sesión do 30 de novembro de 2018 polo que se exclúe a CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO, S.L. deste procedemento por exceder o importe da súa oferta do orzamento base de licitación (cláusula 14.2 do PCAP).



Segundo.- Excluir deste procedemento a ZONA DE OBRA O ROSAL, S.L. por conter a súa oferta valores anormais ou desproporcionados sen que se tivesen xustificado porque non se cumpren os requisitos para considerala xustificada consonte o informe asinado polo enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos - xefe do Servizo de Vías e Obras e Infraestruturas o 12 de decembro de 2018.

Terceiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras de "Cubrición do patio do colexio Canicouva" (78-441) na seguinte orde descendente:

	Licitadores	Puntuación
1	CONSTRUCCIONES RAMÍREZ, S.L.	95,08
2	ORECO, S.A.	60,76

Cuarto.- Requiritur ao licitador clasificado en primeiro lugar, CONSTRUCCIONES RAMÍREZ, S.L., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.

O que publicamos para coñecemento xeral e demais efectos.

O contido íntegro da acta da sesión da Mesa de Contratación da que se publica este extracto pode consultalo no seguinte enderezo WEB:

<https://sede.vigo.org/expedientes/perfilcontratante/actasmesacontratacion.jsp?lang=gal>

A secretaria da Mesa de Contratación
(sinatura dixital)

